

## ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA

A Comisión Informativa de Cultura reúne no Pazo provincial ás 12,25 horas do día 24 de marzo de 2023, baixo a Presidencia de: **D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO** e coa asistencia dos seguintes deputados/as: **DONA MARÍA VICTORIA ALONSO MÉNDEZ, DONA ANA MARÍA MEJIAS SACALUGA, D. MANUEL GÓNZALEZ MARTÍNEZ, D. SANTOS HÉCTOR RODRÍGUEZ DÍAZ** EN SUBSTITUCIÓN DE D. CARLOS LÓPEZ FONT, **D. GORKA GÓMEZ DÍAZ, DONA NOEMÍ OUTEDA PROL, DONA RAQUEL GIRÁLDEZ ARMAS, DONA IRIA LAMAS SALGUEIRO** EN SUBSTITUCIÓN DE D. GREGORIO AGÍS GÓMEZ, **D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, D. JORGE CUBELA LÓPEZ, D. JOSÉ ALFONSO MARNOTES GONZÁLEZ, DONA MARÍA PAZ LAGO MARTÍNEZ, D. IGNACIO MARIL PARDO, DONA MARÍA ELENA ESTÉVEZ FREIRE, D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS, D. JAVIER TOURÍS ROMERO, DONA MARÍA ORTEGA IÑARREA**, actúa como Secretario D. Antonio Santos Guerra, xefe do Servizo de Cultura da Deputación de Pontevedra.

Aberto o acto pola Presidencia, procédese ó estudo dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose o seguinte acordo:

### **1.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR**

Non existindo reparo algún, apróbase por unanimidade a acta da sesión do día 17 de febreiro de 2023.

### **2.- DAR CONTA DAS BASES DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O APOIO AO DESENVOLVEMENTO DE FESTIVAIS AUDIOVISUAIS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2023**

A presidencia informa sobre as bases de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais na provincia de Pontevedra no ano 2022, aprobadas pola Xunta de Goberno de 24 de xaneiro de 2023 e publicadas no BOPPO núm. 32 de 15 de febreiro de 2023.

Estas bases regulan a concesión, seguimento e xustificación de axudas para a organización de festivais ou certames cinematográficos de recoñecido prestixio que teñan lugar na provincia de Pontevedra e que lles dediquen unha especial atención á programación e difusión do cine galego e ás demais variantes lingüísticas de produción e as solicitudes que opten a esta convocatoria teñen que reunir os requisitos establecidos na base quinta da convocatoria.

Estas axudas concederanse en réxime de concorrencia competitiva con cargo á aplicación 23/330.3340.489.05 do orzamento provincial por un importe total de 150.000,00 €.



### **3.- DAR CONTA DAS BASES DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O APOIO AO DESENVOLVEMENTO DE FESTIVAIS MUSICAIS E DE ARTES ESCÉNICAS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2023**

A presidencia informa sobre as bases de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o apoio ao desenvolvemento de festivais musicais e de artes escénicas na provincia de Pontevedra no ano 2022, aprobadas pola Xunta de Goberno de 24 de xaneiro de 2023 e publicadas no BOPPO núm. 32 de 15 de febreiro de 2023.

Estas bases regulan a concesión, seguimento e xustificación de axudas para a organización de festivais musicais e teatrais de recoñecido prestixio que teñan lugar na provincia de Pontevedra, que dediquen unha especial atención á programación e difusión da música e do teatro galego, ademais doutras variantes artísticas e que se levasen a cabo como mínimo en tres edicións consecutivas nos últimos catro anos e as solicitudes teñen que reunir os requisitos establecidos na base sexta da convocatoria.

Estas axudas concederanse con cargo á aplicación 23/330.3340.489.05 do orzamento provincial por un importe total de 150.000,00 €.

### **4.- ROGOS E PREGUNTAS**

O deputado D. Javier Tourís pregunta pola posibilidade de establecer no orzamento do ano 2024, establecer unha liña de axudas dirixidas as orquestras galegas no mesmo senso que temos o Musigal xa que a Deputación da Coruña conta cunha liña similar nese senso para orquestras.

E non habendo mais asuntos que tratar e sendo as 12,30 horas do mencionado día, dáse por concluída a reunión do que eu Secretario dou fe.

